



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TRAZO

Anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora de axudas por nacemento de filla/o, adopción ou acollemento

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE AXUDAS POR NACEMENTO DE FILLA/O, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO

No acordo plenario de data 04/12/2020 o Concello de Trazo aprobou a Ordenanza municipal reguladora de axudas por nacemento de filla/o, adopción ou acollemento. En data 15/12/2020 publicouse no BOP número 214 a aprobación inicial da devandita ordenanza.

Dado que non se presentaron reclamacións durante o prazo conferido ao efecto enténdese elevada a definitiva a aprobación provisional da Ordenanza tal e como se sinalaba no anuncio previo de exposición pública. Todo esto de conformidade co artigo 17.3 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo. Polo tanto, segundo o disposto no artigo 17.4 do indicado texto refundido, procédese á publicación do acordo elevado a definitivo e do texto íntegro da ordenanza municipal reguladora de axudas por nacemento de filla/o, adopción ou acollemento.

Contra a aprobación definitiva da ordenanza, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS POR NACEMENTO DE FILLA/O, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO

1.^a. OBXECTO.

Este regulamento ten por obxecto establecer as condicións reguladoras que rexerán as axudas por nacemento de fillo/a, adopción ou acollemento

2.^a. FINALIDADE DA AXUDA.

1. A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico a aquelas familias nas que se produza o nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro da unidade familiar.
2. Para a consecución desta finalidade, o Concello de Trazo comprométese a dotar en cada exercicio un importe concreto na aplicación orzamentaria.

3.^a. BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar estas axudas, para os/as nenos/as nados/as, adoptados/as ou acollidos/as, as familias empadroadas no Concello de Trazo e que acrediten os requisitos que se esixen no seguinte apartado do presente regulamento.

Enténdese por familias tanto as monoparentais como as formadas por ambos proxenitores, sexan matrimonio, parella de feito ou que conformen unicamente unha unidade de convivencia. Nos casos de separación, divorcio, nulidade do matrimonio, será beneficiario/a o proxenitor que teña a custodia dos/as nenos/as, e no caso de cese na convivencia de parellas de feito, ou de unidade familiar será beneficiario/a o proxenitor/a con que conviva o/a menor.

4.^a. REQUISITOS.

Serán requisitos necesarios para a concesión de axuda por nacemento de fillo/a, adopción ou acollemento os seguintes:

- a) Que o nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo se producise a partires do 04/10/2019.
- b) Acreditar o empadroamento e residencia efectiva no concello de Trazo do pai, nai ou titor/a legal con antigüidade mínima dun ano antes do nacemento do fillo ou filla. Esta situación poderá ser comprobada mediante informe do vixiante municipal.
- c) Acreditar o empadroamento dun dos pais e do nado/a no Concello de Trazo no momento da solicitude da axuda.

d) En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos/as seus/súas fillos/as ou se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

e) Os solicitantes da axuda e os seus beneficiarios non deben ter débedas pendentes co Concello de Trazo, cuestión que será comprobada de oficio.

f) O/a solicitante da axuda e o/a menor quedan obrigados a permanecer empadroados no Concello de Trazo durante un período mínimo de cinco anos. Asemade deberán comunicar no prazo dun mes calquera cambio que se produza na situación da unidade familiar que poida ter relevancia ou fora tida en conta para a concesión da axuda.

5.ª. CONTÍA DA AXUDA.

A axuda consistirá nun pago único de 1.200,00 € por nacemento.

6.ª. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.–Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) DNI do solicitante.
- b) Certificado de nacemento.
- c) Certificado de empadramento colectivo da unidade familiar no concello de Trazo.
- d) No caso de adopción, auto xudicial de adopción ou resolución administrativa de acollemento preadoptivo.
- e) De ser o caso, resolución xudicial que estableza a quen corresponde a garda e custodia do menor en caso de separación, divorcio ou nulidade matrimonial.
- f) Certificación bancaria do número de conta designada para percibir a dita axuda.

7.ª. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

1. A solicitude e a documentación requirida presentaranse nas oficinas municipais, sen prexuízo do que dispón o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
2. O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses dende o nacemento, acollida ou adopción do menor.

8.ª. TRAMITACIÓN.

1. O departamento de Servizos Sociais comprobará que todas as solicitudes reúnan os requisitos esixidos nas presentes bases, proponendo á Alcaldía a concesión ou denegación desta axuda segundo os criterios recollidos nas presentes bases.
2. O prazo para resolver será dun mes dende a presentación da solicitude no Rexistro xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención.
3. O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.
4. As resolucións recaídas nos procedementos esgotan a vía administrativa, e contra elas pódese interpor un recurso contencioso-administrativo ante o órgano correspondente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; a vía xudicial é sen prexuízo da interposición do recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

9.ª. COMPATIBILIDADE.

Esta subvención será compatible con calquera outra establecida polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos.

10.ª. PAGAMENTO.

1. A contía da axuda concedida aboarase directamente polo Concello de Trazo no número de conta bancaria facilitada polos solicitantes.
2. Procederá o reintegro total das axudas nos seguintes casos:
 - a) Obtención das axudas sen reunir as condicións requiridas para iso.
 - b) Falseamento ou ocultación de datos tidos en conta para a concesión das axudas.
 - c) Negativa ou obstrución grave ás actuacións de control municipal.

d) Incumprir a obriga de comunicar os cambios ou variacións nas circunstancias determinantes da concesión das axudas.

e) Modificación das condicións e requisitos fundamentais que determinaron a súa concesión, particularmente o incumprimento do solicitante da axuda e do menor de permanecer empadroados e efectivamente residir no Concello de Trazo durante un período mínimo de cinco anos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os nados entre o 4/10/2019 e a entrada en vigor da presente ordenanza, disporán dun prazo de dous meses para presentar a solicitude

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e na lexislación concordante.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento empezará e rexer ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Trazo, a 1 de febreiro de 2021.

A alcaldesa

Josefina Suárez López

2021/778